



## MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ANO 2021

Unidade de Cultura Científica

---

Universidade de Vigo

## **MEMORIA DE ACTIVIDADES DA UCC+i SOBRE O ANO 2021**

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo, dependente organicamente da Vicerreitoría de Investigación e da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, comezou o seu camiño en marzo de 2019 e abrangue cinco grandes liñas de actuación:

1. Difusión dos resultados da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora.
2. Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
3. Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica, comunicación social da ciencia e relación con medios de comunicación.
4. Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
5. Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

A UCC+i traballa con todos os ámbitos de coñecemento que desenvolve a investigación da Universidade de Vigo: científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social e prestando especial atención ás consideracións de xénero.

Velaquí expoñemos as diferentes accións levadas a cabo por parte das técnicas de comunicación desta unidade, Marta Crespo e Lucía Calvo, durante o ano 2021:

### **AO LONGO DO ANO 2021:**

#### **MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS DA PÁXINA WEB E DAS REDES SOCIAIS DA UCC+i**

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo conta con perfís propios nas diferentes redes sociais, co fin de ter canles de comunicación efectivas e directas que acheguen a ciencia e os traballos de investigación da institución á sociedade. Con este mesmo fin, tamén foi creada unha páxina web propia desta unidade.

Desde que se crearon, na UCC+i fíxose unha actualización diaria da web e das redes sociais, compartindo noticias de interese, difundindo resultados de investigación, fomentando as vocacións científicas e compartindo material

audiovisual de creación propia, ademais de dar difusión ás diferentes actividades de divulgación científica que se organizan desde a Universidade.

Esta é a URL da web da UCC+i: <http://ucc.webs.uvigo.es/>

Estas son as RRSS nas que a Unidade ten presenza: Facebook, Twitter, Instagram, LinkedIn e YouTube.

## XERACIÓN DE CONTIDO AUDIOVISUAL PARA REDES SOCIAIS

Co obxectivo de aportar maior dinamismo ás redes sociais da UCC+i e, sobre todo, coa intención de fomentar as vocacións científicas e de achegar o coñecemento e o traballo do persoal investigador da Universidade á sociedade, elaboráronse varias pezas audiovisuais de curta duración.

- Vídeo Que facemos? Proxecto DIMCoVar
  - Ligazón: <https://youtu.be/-yKLONkww60>
  - Data de difusión: 2 de marzo de 2021
- Vídeo Que facemos? Sistema de desinfección empregando dispersión de líquidos e drons
  - Ligazón: <https://youtu.be/Zyc04HiOG0I>
  - Data de difusión: 10 de marzo de 2021
- Vídeo resumo dos obradoiros Elas Fan CienTec 2020
  - Ligazón: <https://youtu.be/cVQHRjdC8I8>
  - Data de difusión: 1 de febreiro de 2021

## COORDINACIÓN CON “THE CONVERSATION ESPAÑA”

Ao longo do ano, desde a UCC+i encárgámonos de coordinar as publicacións do persoal investigador da Universidade de Vigo na edición española da publicación dixital de divulgación científica [“The Conversation”](#).

Ata o momento, ao redor de 50 investigadores e investigadoras participaron en 49 artigos divulgativos sobre diferentes temas.

## BRANDED CONTENT

Durante todo o ano xestionáronse campañas mensuais de branded content en medios de comunicación como Galicia Confidencial, GCiencia, Radio Vigo, Onda Cero ou Diario de Pontevedra.

## REVISTA ASIME

Ao longo do ano, coordinouse a incorporación de catro reportaxes sobre o centro de investigación Cintecx na revista de ASIME (un en cada trimestre). A revista especializada Global Industry ten unha periodicidade trimestral e pretende ser un medio de referencia para o mundo do metal e as súas tecnoloxías asociadas.

## DISTRIBUCIÓN DE EXEMPLARES DE “QUERO SER INVESTIGADORA”

Desde que foi presentada oficialmente a publicación “Quero ser investigadora”, desde UCC+i fíxose unha intensa labor de difusión en RRSS, ademais de realizar o envío de exemplares en papel a centros educativos da nosa contorna. En total, enviáronse 1000 exemplares a 145 centros de toda Galicia.

## **XANEIRO - FEBREIRO DE 2021**

### CHARLAS DA “INICIATIVA 11 DE FEBRERO”

Coordínase desde a UCC+i a preproducción das charlas do persoal investigador da Universidade de Vigo dentro da “Iniciativa 11 de Febrero” na edición do 2021, coa que se conmemora o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Por mor da pandemia, foron todas virtuais. Concretamente, xestionouse a realización de 58 charlas en 36 centros educativos de toda Galicia por parte de persoal investigador da Universidade de Vigo

### OBRADOIROS “ELAS FAN CIENTEC 2021”

- En colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, o Centro de Investigación Biomédica (Cinbio) e as tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía.
- Obradoiros para fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas de rapazas de Secundaria de institutos de nosa contorna, con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.
- Por mor da pandemia, foron obradoiros en liña a través da ferramenta Campus Remoto.
- Participaron un total de 81 alumnas de 4 institutos de Vigo e concellos próximos.
- A UCC+i encargouse de:
  - Produción: contacto e coordinación cos 4 institutos participantes.
  - Elaboración do cartel e programa de actividades
  - Apoio na difusión en RRSS antes, durante e despois do evento.
  - Asistencia técnica durante o día do evento nos diferentes centros implicados.

## **MARZO – DECEMBRO 2021**

### NOVO PROXECTO “QUERO SER INVESTIGADORA 2”

Nestas datas comezouse coa pre-produción da segunda edición desta publicación que sairá á luz en 2022. Seleccionáronse as investigadoras que participarían nesta edición e buscouse a unha ilustradora que puidese realizar as imaxes de cada unha delas. Tamén se comezou a redación dos textos que formarían parte dos cadernos e da guía didáctica. Envío a ANL e, posteriormente, envío a Imaxe para maquetar.

### **MAIO – OUTUBRO 2021**

#### **G-NIGHT. NOITE GALEGA DAS PERSOAS INVESTIGADORAS**

A UCC+i estivo implicada na presentación e posta en marcha do proxecto da G-Night (Noite Galega das Persoas Investigadoras). Esta iniciativa encheu as cidades de Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo de actividades de divulgación científica. A Universidade de Vigo, a través da UCC+i, coordinou este evento en Galicia, que contou cun financiamento de preto de 154.000 euros, procedentes do programa marco H2020, a través das accións Marie Sklodowska-Curie Actions. Xunto coa institución viguesa participaron na organización das actividades as universidades de Santiago e A Coruña, o Cesga, a Unidade de Cultura Científica da Delegación do CSIC en Galicia e Instituto de Investigacións Mariñas, o Centro Oceanográfico de Vigo, Gradient, Itmati, Inibic e Sebbm. Desde maio ata o 24 de setembro, a UCC+i encargouse de:

- Coordinación e xestión da comunicación xeral do proxecto e da parte individual das actividades da Universidade de Vigo
- Coordinación, xestión e distribución do merchandising, material promocional e elementos de imaxe de todo o proxecto.
- Petición de orzamentos de do merchandising, material promocional e elementos de imaxe de todo o proxecto
- Xestión das redes sociais do proxecto (Facebook, Twitter, Instagram e YouTube)
- Elaboración de pezas audiovisuais para difundir as actividades do proxecto
- Contratación e organización dos espazos para as actividades organizadas por Gradient, Cemma e Universidade de Vigo
- Preproducción das charlas online emitidas en falso directo
- Organización de pre-eventos en xuño en 17 centros de Primaria, Secundaria FP e Bacharelato das provincias de Pontevedra e Ourense con 1300 estudantes que participaron nas preto de 60 actividades, programadas para darlles a coñecer a Noite Galega das persoas investigadoras.
- Gravación e difusión dos preeventos de xuño

- Organización de 18 actividades matinais o 24 de setembro en 10 centros educativos da contorna de Vigo, Ourense e Pontevedra.
- Organización das actividades da UVigo en Vigo, Ourense e Pontevedra (exposición, feira científica, charlas online, charlas en Redeiras, charlas e espectáculo divulgativo no MARCO, charlas en bares das tres cidades, paseos científicos das tres cidades)
- Colocación de elementos de imaxe nos eventos de Vigo, preparación do merchandising para entregar, control de aforo na feira científica, organización das visitas na feira científica e recollida de materiais dos eventos.
- Coordinación de visitas de centros educativos de Vigo á feira científica.

## PRESENTACIÓN CANDIDATURA PREMIOS PRISMA

No mes de xullo preparamos e enviamos toda a documentación necesaria para presentar a nosa candidatura aos “Prismas Casa das Ciencias á Divulgación 2021”.

## OUTUBRO - DECEMBRO 2021

**CURSO PRÁCTICO DE COMUNICACIÓN PARA PERSOAL INVESTIGADOR**  
Cara finais de ano, a UCC+i puxo en marcha a formación en liña “Curso práctico de comunicación para persoal investigador” (8 horas), coorganizado pola Asociación Española de Comunicación Científica e The Conversation España.

## PLAN ANUAL “CIENCIA DE IDA E VOLTA”

A UCC+i iniciou o seu Plan Anual de actividades 2021-2022 “Ciencia de Ida e Volta”, que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia e Innovación. Organizouse unha rolda de prensa para informar do plan de accións, creouse un espazo na web da UCC+i (<http://ucc.webs.uvigo.es/ciencia-de-ida-e-volta/>) e coordinouse a súa difusión na web da UCC+i e da UVigo, ademais de enviarse por listas a información sobre o mesmo.

As primeiras accións son unha actividade formativa para persoal investigador o 2 e 3 de decembro que contou con 30 prazas. A maiores, a partir do 1 de decembro tamén se puxo en marcha a exposición itinerante “100 lunas cuadradas” que estará na Biblioteca do campus de Ourense ata o 14 de febreiro, para logo pasar a Pontevedra e Vigo.

## PREPRODUCCIÓN CHARLAS DA “INICIATIVA 11 DE FEBRERO”

Desde finais de outubro e ao longo dos meses de novembro e decembro coordinouse desde a UCC+i a preproducción das charlas do persoal investigador da Universidade de Vigo dentro da “Iniciativa 11 de Febrero” para a súa próxima edición do 2022, coa que se conmemora o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

## PREPRODUCCIÓN “ELAS FAN CIENTEC 2022”

A partir do mes de outubro comezamos os contactos e as reunións coas organizadoras dos obradoiros “Elas fan CienTec 2022” co fin de poñer en común ideas e comezar coa organización da vindeira edición do ano 2022, que volverá a ser presencial.

## TRABALLOS REALIZADOS EN COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación adoita traballar en colaboración con outros departamentos da Universidade, para garantir o cumprimento dos seus principais obxectivos: promocionar a cultura científica, tecnolóxica e da innovación.

- Con UVigo TV
  - Pre-producción da participación da Universidade de Vigo na 5ª e 6ª tempada das series de vídeos “Universo Sostenible” emitidas no programa “La aventura del saber” de La2 de TVE.
  - Pre-producción e apoio na elaboración da campaña institucional “Vivo UVigo!”
- Coa Ecimat
  - Realización e edición de vídeos con testemuñas de investigadores internacionais que visitan a Ecimat.
- Coa Área de Normalización Lingüística
  - Colaboración na coordinación das catro guías didácticas da iniciativa “En Galego! Investigación e divulgación científica”.
- Coa Biblioteca Universitaria
  - Difusión dos vídeos para a campaña sobre o “Protocolo de normalización da filiación institucional e do nome persoal nas publicacións do persoal vinculado á Universidade de Vigo”.

## **OUTROS TRABALLOS REALIZADOS**

- Edición de tres vídeos para a inauguración do edificio Redeiras da Universidade de Vigo.
- Producción, gravación e edición de vídeos de promoción do Doutoramento CREA.